



Chus Pato

Nacer é unha república de árbores

*Antoloxía poética sonora*



Antoloxía feita pola autora  
Título: *Nacer é unha república de árbores*

Primeira edición, setembro 2010  
© da autora: Chus Pato

Maquetación: Natalia Susavila Moares

© da edición  
Edicións do Cumio, S. A.  
A Ramalleira, 5 - 36140 Vilaboa (Pontevedra)  
Tel. 986 679 035  
cumio@cumio.com / www.cumio.com

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra soamente pode ser realizada coa autorización dos titulares, salvo excepción prevista pola lei.  
Diríxanse a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org) se precisan fotocopiar, escanear ou facer copias dixitais dalgún fragmento desta obra.

ISBN: 978-84-8289-244-3  
Impresión: C/A Gráfica  
Depósito legal: VG 617-2010  
Impreso en España

NOTA DO EDITOR.....	9
DE URANIA.....	15
Dirixirase entón cara a un campo de restrebas.....	17
Calma?.....	18
A superficie é lisa.....	19
Na miña cabeza.....	20
Certo, e posíbel estar namorado dun obús.....	21
Como tal: explicando mundos lunares.....	22
DE HELOÍSA.....	25
Como será entón o meu nome.....	27
Heloísa trata de elixir o corte para un abrigo.....	28
A lembranza non é clara, nin precisa.....	29
Entón igual que hoxe elixiría ser Marat.....	30
Un soño.....	31
DE FASCINIO.....	33
Desdeñosos cisnes como icebergs.....	35
Unha banda de pardais, menor que a que viu William Carlos.....	37
Louise Labbé é un verso.....	39
Contra esta debilidade combate.....	41
A miña lingua nativa é o fascismo.....	43
Milongas.....	44
Sempre foi así.....	46
DE NÍNIVE.....	49
A escada de Xacobe.....	51
Outside.....	59

DE A PONTE DAS POLDRAS.....	67	Este percorrido.....	127
Que ela, no entanto.....	69	O que importa.....	128
O único rito que coñeza.....	73	Non, o paraíso non é a infancia.....	131
Na pedra.....	75	DE SECESIÓN.....	133
Que na arca.....	76	Aquiles.....	135
DE m-TALÁ.....	78	Fisterra.....	138
a batalla non a ves.....	81	Esta defunta que non para de falar.....	139
PORQUE NON É SÓ O IDIOMA O QUE ESTÁ AMEAZADO.....	82	INÉDITOS.....	143
o que a autora non soporta.....	83	Proxecto para a formación dun carácter: unha fortaleza no deserto.....	145
(fragmento) XONÁS.....	89	O ritmo do ollo.....	156
ou na présa.....	91	BIBLIOGRAFÍA.....	157
Interromper ao lector.....	93		
DE CHARENTON.....	95		
para que esta beleza sexa.....	97		
o soño.....	98		
as miñas lembranzas.....	99		
estou hexemonicamente soa.....	100		
como flores.....	101		
escribo “cabalo”.....	102		
e agora o panóptico é unha ruína.....	103		
o que vostede escibe.....	104		
ela fala do corpo del.....	105		
é o Nilo.....	106		
–o importante é a perda.....	107		
(Percy Bysshe Shelley.....)	108		
Cloto.....	109		
Se ben Mariana.....	110		
DE HORDAS DE ESCRITURA.....	113		
Sitúate.....	115		
De “Termidor” (fragmento).....	116		
De “Tebas” (fragmento).....	117		
De “Os paxaros queríamolos ser e non nos gustan os prismáticos” (fragmento).....	123		
O Corpo.....	125		

## NOTA DO EDITOR

Iniciar un proxecto editorial provoca a todas as persoas que participan nel unha sensación de compromiso co futuro. É alí, nese tempo aínda por chegar, onde o noso traballo adquire un sentido pleno, afastado da continxencia temporal que nos obriga a unha comercialización do obxecto. Alí, nese futuro que imaxinamos, quedarán os exemplares para que os sigan lendo e escoitando todos os que, tamén como nós o facemos hoxe, gozarán coa poesía.

Temos a certeza de que escoitar e ler os nosos poetas permitirálles comprender mellor a singularidade coa que naceron como pobo, e guiaráos por ese camiño da emoción que tanto axuda o home a se realizar.

É un privilexio comezar esta colección de antoloxías con Chus Pato e Xosé María Cáccamo, dous poetas con obras realmente importantes. Foi un pracer para todo o equipo poder traballar con eles, e sobre todo escoitar coa súa voz e as súas pausas a lectura dos seus poemas. Unha sorte que agardo que vós poidades compartir con este libro.

Francisco Villegas

*para Begoña Muñoz Saá  
na memoria*

## CHUS PATO (OURENSE, 1955)



Fotografía de Eduardo Nuñez

Publicou os seguintes libros de poemas: *Urania* (Ourense, Calpurnia, 1991), *Heloísa* (A Coruña, Espiral Maior, 1994), *Fascinio* (Muros, Toxosoutos, 1995), *Nínive* (Vigo, Edicións Xerais, 1996), *A ponte das poldras* (Santiago de Compostela, Noitarenga, 1996; 2.<sup>a</sup> ed.: Vigo, Galaxia, 2006), *m-Talá* (Vigo, Edicións Xerais, 2000), *Charenton* (Vigo, Edicións Xerais, 2003), *Hordas de escritura* (Vigo, Edicións Xerais, 2008) e *Secesión* (Vigo, Galaxia, 2009).

Iris Cochón é autora dunha antoloxía da súa obra, con tradución da lingua galega orixinal ao español, *Un Ganges de palabras* (Málaga, Puerta del Mar, 2003). Xosé Manuel Trigo traduciu *Heloísa* tamén ao español (Madrid, Ediciones La Palma, 1998). Teresa Arijón e Bárbara Belloc traduciron igualmente ao español *m-Talá* (Buenos Aires, Pato en la cara, 2009).

A Erín Moure débense tres volumes con traducións ao inglés: *From m-Talá* (Vancouver, Nomados, 2003, selección do libro do ano 2000), *Charenton* (Exeter e Ottawa, Shearsman Books & BuschekBooks, 2007) e *m-Talá* (Exeter e Ottawa, Shearsman Books & BuschekBooks, 2009).

A poesía de Chus Pato conta así mesmo con traducións ao portugués, ao serbio, ao polaco, ao alemán, ao italiano, ao árabe clásico e a outros idiomas e está incluída en prestixiosas antoloxías de ámbito nacional, estatal e internacional entre as que destacamos: *Antoloxía consultada da poesía galega (1976-2000)* (Lugo, Arturo Casas editor, Tris Tram, 2003), *Pótwysep w wierszach* (Warszawa, Wydawnictwo Książkowe IBIS, 2006), *New European poets* (Saint Paul, Minesota, Wayne Miller and Kevin Pruffer, Graywolf Press, 2008), *Poeti spagnoli contemporanei* (Alessandria, Emilio Coco, Edizioni dell'Orso, 2008), *20 canadian poets take on the world* (Ontario, Edited and introduced by Priscila Uppal, Exile Editions, 2009) e *To the winds our sails; Iris writers translate Galician poetry* (Dublín, Salmon Poetry, Mary O'Donnell e Manuela Palacios, 2010).

*Nínive* foi galardoado co premio Losada Diéguez e por *Hordas de escritura* recibiu o premio nacional da crítica e de novo o Losada Diéguez.

DE  
URANIA

*Calpurnia,*  
Ourense, 1991



Dirixirase entón cara a un campo de restrebas  
a cabeza estará alí  
non sei se cos ollos abertos ou pechados.  
Será un día de verao.

A que camiña, desde un punto distante  
contemplará unha muller que sega.

Ha deterse nunha curva  
ante unha elevación  
tan só poderá ver as arestas deste desnivel  
o ceo azul  
sen nubes.

Ha deterse nos campos inmediatos ás elevacións  
ou dunas.  
Na proximidade dos campos: gaivotas  
motísimas gaivotas.

A que camiña lembrará as sacas a medio encher  
esparexidas simetricamente por entre os sucos.  
Contemplará por primeira vez un conxunto de valados.

Dirixirase entón cara a este conxunto de valados  
os ollos estrarán entreabertos  
o ceo azul  
sen nubes.

## Calma?

Tan só esta navegación mentres pelo as fabas  
co mesmo pánico co que me cortaría os dedos.

**A superficie é lisa**, o espazo distribúese en formas xeométricas  
os valados despréndese no ar.  
Non hai paxaros, nin árbores  
ningún rostro ou corpo humano aparece na paisaxe.  
Os sucos son simétricos  
como o trazado das leiras, diminutas  
minguando cara ás esquinas.  
Non hai herbais, este non é lugar onde pazan greas.

Cauterio en pedra  
Herdanza.

Na miña cabeza as cabezas todas dos miñatos todos. Un remontarse en círculos, como de pedra.

Na miña cabeza os salvaxes soutos. As leiriñas. Un estrelecer por auga, baixo nube densa, como de pedra.

Certo, é posíbel estar namorado dun obús

é posíbel estar namorado da vulva dunha egua  
e contemplar como de vagar as vacas se envelenan.  
É posíbel afirmar que o sexo dunha trincheira é máis longo  
que o sexo da máis longa das serpes  
porque tamén as trincheiras falan  
no idioma no que falou Morgana.  
É posíbel dicir que as moscas  
as do inimigo  
tratan de impedir a chegada dunha carta  
a túa.  
Que Pío X é o home máis moderno do teu século  
e disfrazar un tristísimo emigrante co traxe dun lord morto.

Detesto o poder destas palabras.  
Hai pouco que estou aquí  
Balbuceo.